

O ACORDO LÁCTEO UN ANO DESPOIS: A OPINIÓN DE “TERRA E LEITE”

- ¿Que balance fai a Asociación Galega Terra e Leite da aplicación e efectividade do acordo lácteo firmado en Madrid un ano despois?

Aínda que o MAGRAMA, no seu informe fai unha “valoración moderadamente positiva dos resultados sen esquecer que aínda nalgúns aspectos deben realizarse progresos”, a vontade plasmada no acordo non se está a materializar, a curto prazo, en realidades tanxibles para o sector produtor.

Na nosa opinión o acordo non aportou nada, ou moi pouco, complicou a xestión da compra tanto para o gandeiro como para a industria, unha parte dos contratos seguen a facerse por períodos moi curtos, segue habendo gandeiros sen contrato, incúmprese os prazos de firmas, etc. En xeral o balance non é bo. A normativa publicada pola Administración conseguiu desvertebrar aínda máis a relación entre gandeiros e industrias co agravante de deixar libre a distribución na súa estratexia, conseguindo con iso debilitar ao sector produtor, traspasando valor a outros sectores.

No mes de xullo de 2016, as entregas de leite en Galicia (226.654 ton) foron un 0,26 % inferiores a xullo 2015 e o prezo do leite (26,80 c/litro) un 2,9 % inferior a un ano antes. O prezo en Galicia no pasado xullo foi 1,9 c/litro inferior á media de España e 2,9 c/litro inferior á media ponderada do resto das Comunidades Autónomas.

- ¿Axudou dalgún xeito a mudar cousas no sector?

En absoluto. As cousas non cambiaron a mellor, máis ben ao contrario. O sector lácteo carece de estratexia e parece que o seu obxectivo é esperar a que o problema se resolva só. Os principais actores da cadea van por libre e as diferentes administracións públicas limítanse a capear o temporal .

Como xa dixemos no seu momento dende Terra e Leite, é imprescindible dotar de transparencia á cadea de valor ao longo de todos os elos, de tal xeito que, ao igual que coñecemos todo entre as industrias e os produtores, coñezamos tamén o prezo real que a distribución paga á industria, incluíndo os cargos extras aplicados por outros conceptos.

No ánimo de ver aspectos positivos o seguimento do acordo pode constituír un marco de diálogo entre os axentes do sector e o feito de que se teña incorporado unha organización que non o asinara inicialmente, a UPA, o valoramos positivamente. Mais na realidade do día a día dos produtores isto non se está a materializar na mellora de ningún aspecto das súas explotacións.

- ¿Que compromisos dos adquiridos por industria, distribución e produtores se cumpriron e cales non?

Creemos que na práctica ningún relevante. As industrias e os gandeiros seguen asinando os seus contratos obrigatorios como boamente poden e pouco máis.

Só se cumpre o que realmente é obrigatorio de acordo coa normativa estatal. As industrias fan ofertas, firman os contratos e a distribución non fai nada porque a normativa non llo obriga. As ofertas telefónicas da distribución parece ser que pasaron de un mes a tres, pero todo segue igual.

- ¿Contribuiu a equilibrar o reparto de ganancias entre os tres eslabóns como era o seu obxectivo?

O prezo do leite no campo seguiu baixando igualmente desde o acordo (ver cadro adxunto)

EVOLUCIÓN DO PREZO DO LEITE EN GALICIA (c/litro)						
	2013	2014	2015	2016	Variación prezos 2016 (%)	
					Sobre mes anterior	Sobre mesmo mes ano anterior
Xaneiro	32,65	39,20	30,50	28,80	-	- 5,57
Febreiro	32,66	38,80	30,60	28,50	- 1,04	- 6,86
Marzo	32,76	38,70	30,30	28,20	- 1,05	- 6,93
Abril	32,84	36,10	28,80	27,90	- 1,06	- 3,13
Maio	33,06	35,60	28,40	27,30	- 2,15	- 3,87
Xuño	33,03	35,40	27,90	26,90	- 1,47	- 3,58
Xullo	34,44	33,70	27,60	26,80	- 0,37	- 2,90
Agosto	34,90	33,70	27,70	-		
Setembro	35,60	33,60	28,30	-		
Outubro	38,60	32,20	28,70	-		
Novembro	38,90	32,10	28,70	-		
Decembro	39,20	31,90	28,80	-		
MEDIA ANO	34,89	35,08	28,86			
% Variación ano anterior		0,56	-17,74			

A lei de Mellora da Cadea Alimentaria era un bo punto de partida pero moita xente preguntárase para que serve se a distribución segue abusando da produción.

É necesario que valoricemos os nosos produtos e se respecte aos que co seu traballo e esforzo fan posible o abastecemento de materia prima a industria.

Despois do acordo, a continua diminución de prezos está a repercutir negativamente na evolución das entregas en Galicia, que desde o mes de abril xa son inferiores ao mesmo mes do ano anterior, incidindo aínda mais negativamente nos ingresos e na renda dos produtores (ver cadro adxunto)

EVOLUCIÓN DE ENTREGAS DE LEITE EN GALICIA (Ton)						
	2013	2014	2015	2016	Variación entregas 2016 (%)	
					Sobre mes ano anterior	Sobre acumulado ano anterior
Xaneiro	198.542	215.628	214.338	221.511	3,35	3,35
Febreiro	184.056	198.277	196.554	211.660	7,69	5,42
Marzo	204.982	227.798	225.460	226.885	0,63	3,73
Abril	201.717	224.386	225.785	220.582	- 2,30	2,15
Maio	211.444	231.005	234.114	231.119	- 1,28	1,41
Xuño	204.748	220.118	224.292	220.818	- 1,55	0,91
Xullo	207.638	223.740	223.230	222.654	- 0,26	0,74
Agosto	205.770	217.964	217.035			
Setembro	195.333	203.663	187.025			
Outubro	202.077	208.581	214.569			
Novembro	199.065	199.777	209.040			
Decembro	209.572	211.154	219.731			
TOTAL ANO	2.424.944	2.582.091	2.591.173			
% Variación ano anterior		6,48	0,35			

- ¿E a rematar co uso do leite como produto reclamo e a que se identifique a súa orixe?

Parece ser que a nivel xeral o leite séguese a utilizar como produto reclamo, aínda que quizais, sobre todo en Galicia, cun pouco máis de coidado á hora de facer ofertas moi agresivas.

En canto á identificación da orixe, segundo informacións, o MAGRAMA non o ten claro, porque algunhas industrias, sobre todo queixeiros, poderían verse prexudicadas.

- ¿Hai agora máis transparencia sobre a formación de prezos?

A transparencia sobre os prezos é a mesma que antes. Parece ser que se fixo unha proposta sobre a cadea de valor e que foi debatida no seo da INLAC, pero non se chegou a ningún acordo coa distribución.

No marco do Real Decreto 153/2016, publicado en abril, sobre declaracións obrigatorias a efectuar polos fabricantes de leite líquido envasado, que nós saibamos, aínda non se ten divulgado información correspondente aos resultados das primeiras declaracións realizadas en xuño en relación a vendas de produtos realizadas de maio, polo tanto non é posible ter opinión da súa eficiencia.

Aínda que se teña avanzado en aspectos formais dos contratos de compravenda de leite cru a realidade é que a negociación de prezos e “toda a cadea” segue a ser un asunto pendente.

- ¿Puido verse a súa efectividade condicionada pola crise de prezos a nivel europeo?

Os responsables da política agraria comunitaria, a pesar de falaren de aterraxe suave para despois das cotas, cometeron un erro de alcance, que ten a súa orixe, por un lado, nunha previsión optimista da evolución da demanda mundial de produtos lácteos, e por outro, na crenza (case fe ideolóxica) en que se podía pasar sen sobresaltos dun sector altamente intervindo a un sector liberalizado, no que os actores poderían vivir nun mundo feliz sen intervención pública. A realidade ata agora foi ben distinta.

Nin Galicia nin España están soas no mercado. Non temos arames de espiños nas fronteiras. Os prezos en España están nos niveis de Europa. É mais se comparamos con algúns países como Alemaña, Irlanda, Holanda, Polonia, temos un prezo superior. Está no nivel de prezos de Francia.

A crise do prezo dos produtos lácteos é global e a recuperación vaise producir de forma global, segundo se vaia equilibrando a oferta e a demanda.

- ¿Cales son as expectativas sobre a evolución dos prezos do leite en orixe nos vindeiros meses?

A UE prevé unha redución da oferta. Na reunión do Consello Económico do Observatorio Europeo do Mercado do Leite (MMO) que tivo lugar o 6 de setembro de 2016 informouse de que a recollida de leite da UE creceu un 3,3 % na primeira metade de 2016 pero a previsión para o conxunto do ano é que este incremento sexa do 0,9 %.

O incremento das entregas en Galicia no primeiro semestre de 2016 foi do 0,91 %, moi inferior á media da UE.

Nesa mesma reunión do MMO estimouse que os prezos ao produtor poden ter tocado fondo no pasado agosto e que os prezos dos produtos lácteos, en xeral, están mellorando desde maio. Na derradeira poxa da GDT do 20.09.2016 o incremento do índice de prezos sobre a anterior foi do 1,7 %.

Nós pensamos que o prezo ao gandeiro en xullo tocou fondo e que empezará a recuperarse a partir de setembro por un equilibrio entre a oferta e a demanda e pola recuperación dos prezos da materia graxa e da proteína no mercado mundial.